

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

A programación aquí exposta trata de dar continuidade ao traballo feito polo alumnado ao longo de Ed. Primaria e ampliar a súa formación ofrecéndolle un amplo abano de actividades e propostas. O obxectivo final é consolidar un estilo de vida activo e o descubrimento da práctica física como unha actividade placentera. Trataremos de dar pautas ao alumnado para que realicen actividades de forma segura (incidindo na importancia dos quecementos) e no traballo e que interactúen co medio natural de maneira respectuosa e sostible.

Neste primer curso da ESO consideramos vital que o alumnado coñeza as normas básicas que rexerán nas sesións de Ed. Física xa que grazas a elo cimentaremos unha boa base de traballo para o futuro.. O respecto por espazos, materiais e instalacións, a puntualidade, o aseo, etc.

Daremos a coñecer os proxectos que posúe o centro para a promoción da actividade física (recreos activos, mobilidade sostible, almozos saudables,...) e tentaremos facer partícipe ao alumnado de todo iso para que vexan as múltiples posibilidades que teñen ao seu alcance para manter un estilo de vida saudable.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3		1		2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5	1		4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"Condición Física e Saúde"	Tras recalcar as normas de funcionamento nas sesións de Ed. Física e explicar o sistema de avaliación. Comezaremos a experimentar as fases de activación e recuperación. Realizaremos traballo de mellora da Capacidades Físicas Básicas e distintos xogos para mellorar as cualidades físicas, Reforzaremos as medidas de seguridade e prevención de riscos e avaliaremos a mellora e o desenvolvemento das competencias	20	14	X		
2	"Multideportes e xogos predeportivos" Xogos tradicionais".	Tratarase de crear unha base sólida competencial e de bagaxe motor para consolidar aprendizaxes posteriores de deportes tanto colectivos coma individuais. Mediante formas xogadas e situacións adaptadas e modificadas facilitaremos as aprendizaxes para garantir situacións gratificantes e de éxito motor.	13	10	X		
3	"Bádminton"	Con esta U.D. iniciaremos o traballo das actividades con raqueta. Traballaremos	16	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	"Bádminton"	tanto de xeito individual coma por parellas.	16	13		X	
4	"Actividades Ximnásticas" e Xogos motrices"	Traballando fundamentalmente actividades no chan, xiros e equilibrios. Tamen traballaremos con cordas e con aparellos. Realizaremos distintos xogos para desenvolver cualidades motrices (axilidade, coordinación, ritmo, equilibrio e tamén en moitos deles realizaremos desprazamentos variados e lanzamentos)	10	7		X	
5	"Expresión corporal"	Realizaremos tanto actividades con coma sen soporte musical. Buscaremos a desinhibición nas actividades de expresión corporal.	7	4		X	
6	"Floorball"	A práctica deste deporte colectivo con implemento suporá un avance máis nas habilidades motrices do alumnado.	16	10			X
7	"Xogos e Deportes alternativos" Freesbe e Ultimate	Trataremos de dar a coñecer un gran abano de xogos e facer que o alumnado investigue a que xogaban os seus avós. Introduciremos lanzamentos e recepcións con disco volador para rematar xogando ao Ultimate	12	8			X
8	"Actividades na natureza"" Cicloturismo e mobilidade sostible"	Mediante o contacto coa natureza e con espazos exteriores, preferiblemente cercanos ao centro, ampliaremos as posibilidades de práctica motriz, xogos de orientación, pescudas do tesouro, actividades en outros medios (acuáticos), etc Introdución ao uso da bici e aos desprazamentos sostibles. Normas básicas de circulación, sinais, partes da bici, reparacións básicas,...	6	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"Condición Física e Saúde"	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Presentar unha ficha sobre o quecemento xeral. Identificar distintos tipos de test de avaliación da condición física, coñecendo os seus beneficios, para crear un estilo de vida activo	PE	27
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar quecementos de forma autónoma ou case autónoma, seguindo as pautas dadas ao inicio da U.D.	TI	73
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Manter unha actitude responsable na práctica con respecto ás normas fixadas no uso do material e das instalacións.		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e rexeitar actitudes e comportamentos antideportivos		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial como medio de investigación		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Mantendo unha actitude de respecto, interés e esforzo por mellorar o nivel de condición física e traballar en grupo aceptando as aportacións e o nivel de execución dos compañeiros/as.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecer a actuación básica ante accidentes (P.A.S)		
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Participar nos xogos co deportividade e interés, respectando as normas e valorando o esforzo po riba dos resultados obtidos		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.</li> <li>- Alimentación saudable.</li> <li>- Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.</li> <li>- Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.</li> <li>- Coidado do corpo: queceamento xeral e específico autónomo.</li> <li>- Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde social:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.</li> <li>- Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.</li> </ul> </li> <li>- Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.</li> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.</li> <li>- Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).</li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	"Multideportes e xogos predeportivos" Xogos tradicionais".	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Participar en xogos evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	TI	100
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Utilizar o material e participar nos xogos de forma segura e evitando condutas imprudentes ou perigosas		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houberse) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en , xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación e do análise dos compoñentes (compañeiros e adversarios)		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Participar nreación de estratexias e xogadas colectivas		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Mostrar unha actitude de deportividade e interés nos xogos aceptando o rol que toque desempeñar		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Toma de decisións:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.</li> </ul> </li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> <li>- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.</li> <li>- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.</li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	"Bádminton"	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar recursos dixitais para coñecer o regulamento e ampliar a cultura deportiva con respecto ao bádminton	PE	40
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Participar en partidos individuais e por parellas adaptando as accións ás do compañeiro/a e mostrando interés por mellorar	TI	60
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houberse) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Tomar decisións a partir do análise de cada situación do xogo		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Realizar saques e golpes cun mínimo grao de técnica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Toma de decisións:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.</li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	"Actividades Ximnásticas" e Xogos motrices"	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Realizar os exercicios cun mínimo control corporal. no traballo en grupo	TI	100
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Adaptar ps deprezamentos (saltos, xiros, equilibrios,...) ao espazo e materias utilizados.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Participar nas actividades con independencia do nivel de destreza acadado e do rol que toque desempeñar.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de decisións:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> </ul> </li> <li>- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.</li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	"Expresión corporal"	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación	TI	100
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en danzas e/ou actividades grupaide carácter expresivo colaborando no seu mantemento		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Participar en actividades expresivas con soporte musical mostrando desinhición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.</li> <li>- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.</li> <li>- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	"Floorball"	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Tomar decisións no xogo a partir do análise da situación dos compañeiros e dos adversarios	PE	40
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Coñecer o uso correcto do stick e manexalo con soltura mantendo un bo agarre	TI	60
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Participar asumindo o rol asignado dentro do equipo (porteiro/a, xogador/a, árbitro)		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Respectar as normas do Floorball e xogar en equipo respectando as aportacións dos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de decisións:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> </ul> </li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.</li> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> </ul> </li> <li>- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte</li> </ul>

Contidos
- galego.

UD	Título da UD	Duración
7	"Xogos e Deportes alternativos" Freesbe e Ultimate	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes,	TI	100
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Mostrar interés por coñecer e practicar novas actiividades e xogos		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Participar nos xogos con independencia do nivel de destreza conquerido		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Investigar sobre os xogos populares e autóctonos presentando unha ficha cuberta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraje deportiva.

Contidos
- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.

UD	Título da UD	Duración
8	"Actividades na natureza""Cicloturismo e mobilidade sostible"	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero	TI	100
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Cumprir as normas básicas de seguridade antes da práctica física e identificar a preparación previa para unha saída ao medio natural.		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e evitar condutas nocivas para a saúde e contaminantes para o medio ambiente		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Mantendo unha actitude cívica, solidaria e sostible, respectando os espazos naturais e traballando polo seu mantemento e conservación		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Respectar as normas de tráfico e as distancias de seguridade Cumprindo as normas nos desprazamentos en bicicleta e nas saídas a medio natural respectando as normas e o traballo en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> </ul>

## Contidos

- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.
- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Adoptarase a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

Recoméndanse metodoloxías que poidan mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado, que estimulen a súa creatividade e sexan capaces de crear aprendizaxes significativas.

Resulta tamén clave insistir no emprego de ferramentas de avaliación axeitadas e coherentes coas metodoloxías recomendadas, sempre adaptadas ao nivel de desenvolvemento cognitivo do alumnado nos primeiros cursos de ESO.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

En Ed. Física:

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos estándares por parte do alumnado:

- A Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.
- Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

#### -Estilos de ensino

Os estilos de ensino que teremos en conta serán variados, irán desde os máis aos menos directivos, como expón Muska

Mosston na súa clasificación. Os usados na nosa programación son métodos deductivos (como o mando directo e a asignación de tarefas), onde se parte da hipótese de que o profesor posúe a información que debe dar aos seus alumnos/as segundo vaian madurando, e os métodos inductivos (como resolución de problemas e descubrimento guiado), onde os alumnos/as van descubrindo os coñecementos e experiencias baixo a hábil condución do profesor. Aínda que non todos estes métodos serán adoptados na súa forma pura, si o serán adaptándoos á realidade actual. Ademáis utilizaremos e combinaremos uns e outros en función dos obxectivos, contidos e necesidades concretas de cada momento.

#### - Formas de agrupamento e organización espacial

As formas de agrupamento tamén variarán en función das necesidades contextuais podendo ser:

- Grupo-clase (traballo masivo): todos traballan á vez.
- Grupos (subgrupos): a clase divídese en grupos de traballo, grupos de nivel, circuítos, etc.
- Pequeno grupo: o grupo-clase divídese en grupos de 2 ó 3 alumnos.
- Individual (ensino individualizado): o alumno/a enfróntase directamente coa tarefa.

Os CRITERIOS PARA A ELECCIÓN das distintas formas de agrupamento serán variadas, por exemplo:

- Ao azar: realízase a elección sen ningún motivo específico.
- Emocionais: a afinidade emocional motiva a elección.
- Características corporais: peso, talla,...

En canto á ORGANIZACIÓN, as formas que usaremos son:

Organización frontal, organización en círculo e semicírculo, dispersa ou libre e en circuítos, segundo a tarefa e o momento da sesión.

#### -Posición do profesor/á

A posición será interna, externa ou focal, en función das características da tarefa a realizar, do momento ou situación e da actividade.

#### - Canles de comunicación

Ao longo de toda a programación utilizaranse todo tipo de canles de comunicación para reforzar a información aos nosos alumnos/as ou ben para atender á diversidade do alumnado, usando tanto a canle auditiva (a través de verbalizacións, sons, música,...), como a visual (a través de xestos, demostracións, imaxes,...) e a canle kinestésico-táctil (en axudas manuais, etc.).

#### - Estratexias metodolóxicas

Pódese falar de dous tipos de estratexias; as estratexias analíticas e as globais:

Ao longo das U.D. usaranse fundamentalmente as estratexias de predominancia global (tanto pura, como con modificación da situación real, ou con polarización da atención) e noutros casos as analíticas (pura, secuencial, progresiva, inversa) segundo a tarefa concreta e a finalidade da mesma. Tamén nalgúnhas ocasións estratexias mixtas, realizando combinacións das anteriormente citadas.

As correccións serán sempre positivas (Feedbacks) e as sesións dinámicas e motivantes intentando evitar perdas de tempo innecesarias.

#### -ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS.

Dado que coinciden nalgúnhas franxas horarias mais dun grupo, establécese ao inicio do curso unha distribución horaria dos espazos que configuran a aula de Educación Física: ximnasio, pavillón (compartido co IES Gregorio Fernández), e pistas exteriores.

O criterio de asignación de espazos establece que cada grupo dispoña de ximnasio e pavillón polideportivo, polo menos unha vez por semana. Permitindo así, adaptar os contidos programados aos espazos dispoñibles.

#### Secuenciación habitual de traballo na aula

As diferentes sesións da programación están baseadas na seguinte estrutura, formada por cinco fases:

- Información. (2 minutos aprox.)
- Quecemento. (7 minutos aprox.)
- Parte Principal. (28 minutos aprox.)
- Volta á calma. (5 minutos aprox.)
- Posta en común. (2-3 minutos aprox.)

A estes 5 puntos engádesse un máis Hábitos de hixiene (4-5 minutos) que consideramos fundamental traballar.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de gran tamaño (porterías, canastras,..)
Material de pequeno tamaño (aros, picas, balóns, , ...)
Materiais propios ou elaborados con produtos de refugallo. (malabares,, chapas,...)
Bicicletas e outro material que posúe o centro para préstamo (material de pingpong., zonas exteriores, etc)

Para o desenvolvemento da programación e das distintas U.D. utilizaremos:

- Instalacións: tanto o pavillón coma o ximnasio. Asemade realizaremos actividades no patio exterior e nos arredores do centro (Parque de "O Chanto", zona deportiva, zona Malecón, campo de fútbol de A Ribela e ruta das Aceas).

- Materiais: realizaremos por unha banda actividades de apoio a práctica física mediante Edixgal e aulas virtuais en Bacharelato. Proxector, cañón e bafle nas sesións do ximnasio preferentemente.

Utilizaremos tamen, para as distintas U.D. balóns, raquetas, esterillas, etc. Este ano coma novidade bicicletas (xa que temos oito bicicletas para facer préstamos ao alumnado ou utilízalas nas sesións de Ed. Física).

En resumo tanto material de gran tamaño (porterías, canastras,..) coma de pequeno tamaño (aros, picas, malabares, ...), material non convencional e a maiores elaboraremos materiais propios con produtos de refugallo.

Existe un inventario de material que actualizamos cada ano. A maiores, ao inicio de cada curso escolar elevamos á dirección do centro unha proposta de adquisición ou reposición de material para poder realizar actividades de forma dinámica e coa participación de todo o alumnado.

Utilizaremos recursos da biblioteca escolar para realizar tarefas de investigación por parte do alumnado.

Nos recreos abriremos o pavillón e cederemos material ao alumnado. tamen deixaremos en conserxería cordas, pelotas de ping-pog e balóns para promover a actividade deportiva nos recreos.

Contactaremos con deporte escolar da Xunta e con outros centros, entidades, Federacións e clubs deportivos para realizar actividades e , de selo caso, solicitar en préstamo material.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedementos de avaliación inicial

O sistema para acreditar os coñecementos previos basearase fundamentalmente nas primeiras sesións das U.Ds e nas primeiras sesións do curso. Ao comenazar cada U.D. estableceranse tarefas que nos permitan coñecer o nivel de partida do alumnado, ben tarefas prácticas (e coa observación directa e con planillas de control poderemos constatar o nivel do alumnado), ben a través de tarefas teóricas (orais ou escritas).

A avaliación inicial realizarase por medio de distintas probas:

- Observación de participación en xogos, deportes e actividades.
- Realización de test físicos e probas iniciais para coñecer o nivel de partida do alumnado.
- Preguntas sobre contidos a abordar.
- Análise dos datos recollidos na ficha do alumnado.
- A actitude e comportamento con respecto ás normas e o coidado do material.
- A atención e a comprensión das indicacións nos exercicios e xogos.

Grazas á información recabada teremos unhas orientacións iniciais para coñecer mellor ao alumnado e isto completarse coa diferente información que se aporta nas sesións de avaliación inicial e diagnóstico de cada grupo. A progresión e mellora durante toda a U.d. será tida en conta na avaliación final.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>13</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>16</b>	<b>12</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	27	0	40	0	0	40	0	0	<b>18</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	73	100	60	100	100	60	100	100	<b>82</b>

### Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación.

Educación Física

A finalidade do proceso de ensino-aprendizaxe é a adquisición por parte dos alumnos/as dunha serie de competencias que o sistema debe impulsar. Esa finalidade, a través dos obxectivos plantexados, necesita dun seguimento continuo para valorar se se está a traballar no camiño correcto. Os obxectivos deben ser avaliados para estimar o grao de cumprimento, asemade a adaptación dos contidos, a metodoloxía docente e a avaliación supoñen un difícil reto.

A nosa proposta baséase en ferramentas orientadas á avaliación continua, coparticipada e progresiva, seguindo unha aproximación de retroalimentación coordinada, informando ó alumno en todo momento sobre cales son os progresos e as deficiencias do seu traballo, permitíndolle rectificalas, facéndoo coñecedor do seu nivel, e transmitíndolle desta maneira que é partícipe do seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os contidos de cada unha delas.

Realizarase un test online ou unha proba escrita por trimestre.

As porcentaxes a seguir dentro de cada avaliación serán:

20% Proba escrita

40% Resultados das probas físicas.

40% Traballo de clase (Observación da participación activa nos xogos, presentación das fichas, uso do material, etc.)

A nota trimestral no tocante ao que as U.D. se refire é a seguinte:

1º avaliación, U.D.1 80%+U.D.2 20%

2º avaliación, U.D.3 50%+U.D.4 30%+U.D.5 20%

3º avaliación, U.D.6 50% U.D.7 30%+U.D.8 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do seguinte xeito:

primeiro trimestre 33.3%

segundo trimestre 33.3%

terceiro trimestre 33,3%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

Se o decimal está entre 0 e 49 o número de nota enteira será o mesmo que sen decimais.

Se o decimal está entre 5 e 99 o número de nota redondearase para o inmediatamente superior.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Fundamentalmente a participación activa, o interese, esforzo e atención, así coma a colaboración nas actividades grupais e a recollida e colocación dos materiais empregados.

A observación será o instrumento de maior valor para os docentes de E.F. xa que na nosa asignatura, mediante a observación valoraremos o traballo grupal, o individual e a maioría dos estándares. (exceptuando aqueles que se valoren de maneira específica na proba teórica.)

No caso de confinamento ou ensino non presencial para a avaliación do alumnado terase en conta a súa participación e interese nas clases telemáticas, a entrega de traballos (en prazo ou non, calidade dos mesmos,...), a participación na aula virtual e os resultados obtidos nas probas realizadas

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc:

Calcularase a media aritmética das tres avaliacións (33,3%), respectando sempre a mellora do alumno e tendo en conta a súa progresión. Nesa media aritmética redondearase hacia o número enteiro superior.

Se a media das avaliacións non é suficiente para aprobar terá que realizar tarefas de recuperación e realizar probas para superar a avaliación final.

### **Criterios de recuperación:**

Como se recupera unha proba non superada?

De cada U.D. non superada inclúranse na seguinte os aspectos non superados, ou a repetición das probas, se cree o profesor que está debidamente xustificada unha ausencia (preferiblemente con xustificante médico se é o caso)

Como se recupera unha avaliación non superada?

Ao tratarse dunha avaliación continua, o alumno/a que aprrobe a seguinte avaliación recuperará automaticamente a avaliación suspendida. Polo que a efectos do cálculo da nota final se substituirá a nota da avaliación suspensa pola da que acaba de aprobar.

De suspender a última avaliación estableceranse probas de recuperación previas á avaliación final.

Volverá a calcularse a nota final coa nota da parte recuperada.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Os/as alumnos/as coa materia pendente de cursos anteriores realizarán ao longo do curso a recuperación dos contidos teórico- prácticos que estarán baseados nos contidos mínimos esixibles para o curso de referencia.

Buscarase fundamentalmente o traballo de contidos que fagan referencia aos contidos mínimos esixibles.

Os alumnos cun claro desfase na comprensión dos contidos conceptuais reforzaráselles a través da:

- . Elaboración de traballos, empregando, se é posible, as T.I.C. sobre temas de referencia.
- . Lecturas de textos e cumplimentación de fichas-esquemas.

Alumnos con desfase motor, encomendaráselles actividades desenroladas no centro, así como a posibilidade de levar a cabo un programa práctico individualizado, titorado polo profesor de educación física.

Tamén se contempla a posibilidade de que un alumno cualificado poida titorizar a outro compañeiro, coa supervisión do profesor, premiando este traballo con un punto no aspecto actitudinal.

Ao comenzo do curso entregaráselles aos alumnos un plan de traballo a desenrolar en cada avaliación, que consistirá nun caderniño cos contidos a superar.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Si se realizan correctamente os caderniños que se encomenden e se superan as dúas primeiras avaliacións do curso no que se atopan matriculados, considerarase superada a asignatura pendente.

Cara a final de curso haberá unha proba global da materia pendente. Deberán presentarse a esta proba os alumnos pendentes que se considere que non superaron os contidos marcados no plan de traballo deseñado. Esta proba será escrita e práctica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

tendendo á normativa vixente, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaráselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias

para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaránselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - Educación Vial								X
ET.3 - Educación Cívica	X	X					X	X
ET.4 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X			X	X			X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito crítico e científico		X		X	X			
ET.6 - Educación emocional e valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Comprensión lectora	X			X		X		
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial,								X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rutas de sendeirismo polos arredores	Ruta opolas Aceñas e pola zona do Chanto			
Actividade náutica (Dragon ou piragüismo)	Monforte, Vilasouto ou Lugo)			
Parque multiaventura de Viveiro	Actividade na natureza unida a ruta de sendeirismo			
Posible actividade deportiva intercentros	En colaboración con outros centros educativos da vila			
Uso da bicicleta como medio de transporte	Actividades de mobilidade sostible polos arredores			
Talleres ou actividades en colaboración con entidades ou Asociacións	Deporte adaptado, reparación de bicis, día da bici....			

### Observacións:

Ofreceráse ao alumnado a participación en actividades físicas nos recreos (pingpong, cordas, zonas pintadas, ligas deportivas,...)

Tratarase de realizar actividades deportivas en colaboración con Clubs, deporte escolar, entidades e tamen con outros centros escolares.

Ofreceráse, de selo caso, algunha ruta de sendeirismo polos arredores.

Trataremos de facer piragüismo no último trimestre .

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
Aportouse información ao profesorado titor?

Realizose unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente
Funcionalidade da P.D.: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Empregáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención a diversidade e foron efectivas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

#### **Descrición:**

1. Nas reunións de departamento e ao rematar cada avaliación analizarase o grado de cumprimento das UD marcadas na programación e os cambios realizados (se os houbera),
2. Valorarase a coordinación entre o profesorado departamento, en especial naqueles niveis en que distintos profesores impartían docencia en grupos..
3. Analizarase se son axeitados os materiais utilizados para desenvolver as competencias establecidas e para que o alumnado adquira coñecementos co seu uso. De non ser o caso elaborárase ante a dirección do centro unha proposta de adquisición de novos materiais e /ou recursos.
4. Reflexionárase sobre as progresións metodolóxicas e sobre a temporalización e distribución das U.D. para evitar repeticións innecesarias e buscar reforzos e ampliacións de contidos. Deste xeito aumentarase a motivación e as posibilidades de éxito para o alumnado.
5. Complimentáronse os informes solicitados polo profesorado tutor.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
  - Reunións mensuais do equipo docente do departamento.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, o/s cadro/s preciso/s que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados deste/s; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación e/ou na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**